



OBRADOIRO INICIACIÓN AO CLOWN

PRESENTACIÓN

Os Sete Magníficos máis Un queremos propór un curso de iniciación ao clown para alumnos/as de centros de ensino secundario no cal a lingua, ademais de vehículo de comunicación, sexa a ferramenta dramática fundamental e o obxectivo prioritario do obradoiro.

Nos últimos anos, o clown está a consolidarse como unha técnica teatral e de novo circo en emerxencia en todo o Estado, e, en maior ou menor medida, forma parte do currículo formativo de todos os/as novos artistas. Este xeito tan particular de comicidade conta cunha grande aceptación por parte do público xeral e, especialmente, por parte do público adolescente, que se identifica perfectamente coa liberdade, espontaneidade e espírito crítico desta figura das artes escénicas.

Igualmente, o clown constitúese como unha ferramenta moi útil para favorecer varias habilidades sociais, como son as dinámicas de grupo ou a desinhibición, o cal fai moi recomendable o seu traballo dentro do ensino secundario. O curso terá unha duración de 12 - 16 horas, en varias sesións, e rematará cunha demostración pública.

Xa máis especificamente, propoñemos neste caso un traballo ao redor da lingua, dándolle un sentido positivo ao idioma galego, ampliando os seus eidos de uso e dotándoo, a través do xogo e da comicidade, dun novo valor para os/as participantes no obradoiro.

É moi importante que as e os rapaces saiban que en galego se pode facer teatro de calidade, que tamén se pode facer rir, que poden crear as súas propias personaxes na nosa lingua, o que lles vai dar unha nova perspectiva á hora tamén de se comunicaren, xa que lles pode valer como unha porta aberta a se expresaren en galego en máis situacións. Sen dúbida, o feito de o idioma ser unha parte imprescindible deste obradoiro fará que as e os alumnos o vexan non só como algo que estudar nas aulas do instituto, senón algo vivo, dinámico e coa capacidade de poderen dar o salto a empregalo no seu día a día.

Con todo respecto, buscaremos xogos de palabras cómicos, improvisacións a partir de expresións tradicionais galegas, a comicidade de determinados aspectos da lingua..., outorgándolle ao galego novas posibilidades, neste caso cómicas, que os rapaces e rapazas podan facer súas, compartilas no seu entorno e, finalmente, representalas nun escenario.

A combinación de clown de calidade e fomento do galego será unha cápsula explosiva, algo novidoso, feito que as e os pícaros desas idades (12-16 anos) sempre agradecen, xa que as e os axuda a cubrir as súas necesidades á hora de exploraren o mundo de xeito diferente a cando eran cativos. Procuran emocións e tamén valoran teren o control da situación que protagonizan, polo que a proposta formativa de Os Sete Magníficos máis Un de seguro vai xerar unha grande aceptación.



CONTIDOS E OBXECTIVOS

O/A PALLASO/A QUE LIBERA

Propoño xogar a ser calquera personaxe, poder facer calquera cousa.

Ser digno/a en calquera situación é o poder liberador que o/a pallaso/a ten para mudar o mundo. Todas as persoas nacemos con ese poder, e en todas se agocha ese segredo. A procura do noso pallaso pode ser, tamén, un camiño de liberdade persoal e social.

Imos buscar na nosa propia natureza e, seguramente, atoparemos o noso estilo persoal de desfrutar sendo ridículos/as.

A xestión do noso ridículo, e do ridículo dos demais é unha das ferramentas teatrais máis poderosas que existen. A través dos diferentes xogos de concentración e exercicios de habilidades estúpidas de cada un/unha (xestos esaxerados, ruídos extraños, movementos especiais, etc.) e sempre buscando o pracer -como os/as nenos/as cando xogan- iremos descubrindo onde está o noso pracer e o noso clown.

XOGOS DE COMPLICIDADE E SENSIBILIDADE

No clown é moi importante a complicidade cos demais en escena. En todo momento debemos saber e intuír cando temos o foco e cando o recolle o noso compañeiro ou a nosa compañeira.

O PRACER DE SER RIDÍCULOS/AS

Todos/as, sen lugar a dúbidas, somos ridículos/as. Abonda con observar a nosa vida diaria para recoñecer as situacións máis ridículas que un/unha poida imaxinar. Neste obradoiro trataremos de descubrir ese ridículo e de aprender a recorrer a el conscientemente, divertíndose e, sobre todo, divertindo ao público.

XOGAR A SABER O QUE NON SABEMOS

Se lle preguntamos a un neno ou a unha nena se sabe falar chinés, cantar ópera, algunha chave de karate ou desfilas como un modelo, seguramente nos contestará que si. De igual xeito, o/a clown sempre pretende saber facer de todo, o seu optimismo non ten límites, como os/as nenos/as antes de que chegue a vinganza, complexos e o sentido do ridículo, é dicir, cando se van facendo adultos/as.

FRAN REI

Fran Rei é membro e coordinador de Os Sete Magníficos máis Un -compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia- desde a súa fundación no ano 2001 e, ata o momento, ten participado en dez dos seus espectáculos. Ademais, como actor é membro das compañías Produccións Acontrabutaca (O asasino é o mordomo), Bagunça Teatro (Que Máis Dá!) e é director artístico das compañías Teatro do Astracán e Código Morsa. Asemade, desde o ano 2012, xunto a Pedro Brandariz, está a traballar regularmente en televisión, formando unha das parellas cómicas habituais do programa Luar da TVG.

Sempre ao abeiro do Festiclown, Fran Rei formouse continuamente en diversas disciplinas tetarais como clown, bufón, circo ou interpretación con algún dos mellores mestres internacionais como Leo Bassi, Eric de Bont, Antón Valén, Jango Edwards ou Carlo Colombaioni, entre outros.

Paralelamente, desenvolve unha importante carreira como formador teatral e nestes últimos dez anos é responsábel da creación e dinamización de diversos grupos de teatro amator, entre os que destaca o seu traballo á fronte da Escola Artística de Cuntis (Pontevedra) e da Escola Municipal de Teatro de Teo (A Coruña). Especialista en clown, imparte regularmente cursos e obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica teatral. Igualmente, entre 2001 e 2008 foi coordinador de diversos festivais de artes escénicas, como o Festiclown, Magiclown ou Firaclown e actualmente é membro da xunta directiva da Asociación Galega de Artistas de Circo.

+info: www.culturactiva.org  



PEDRO BRANDARIZ

Pedro Brandariz é membro da compañía de clown Os Sete Magníficos máis Un desde a súa fundación no ano 2001 e, actualmente, é un dos cómicos galegos máis emerxentes. Actor, clown, monologuista, contactos, cabareteiro ... Brandariz aborda o humor dende moi diferentes eidos: narración oral, teatro, clown, cabaré ...

Este artista “polipatético” ten un amplo curriculum teatral. Procede do mundo do clown (modalidade teatral que pon en práctica en diferentes compañías) aínda que ten traballado en compañías de teatro máis clásico, teatro infantil, etc. Tamén ten participado en espectáculos de cabaré e sobre todo como “conteiro” (monologuista por se non se entende). E isto non remata aquí pois tamén participou en varias curtas de cinema.

Na súa formación ten traballado cos mellores mestres do clown: Leo Bassi, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Jango Edwards e Peter Ercolano, Loco Brusca, Elliot, Michael Dallaire, Antón Valén, Andrés del Bosque, Carles Montoliu ...

En definitiva, un actor que bebe de fontes teatrais moi diversas para ofrecer espectáculos no que se mesturan todas esas variedades.

Na actualidade podemos velo polos garitos e teatriños da xeografía galega actuando como conteiro ou cos seus espectáculos persoais.

Os seus espectáculos en solitario máis coñecidos son: PGU, Profundizando na Galiza Profunda, Familia?, non Grazas, Pai Noso, Padre Nuestro e Contos e outras Andrómenas.

Ademáis traballa nas seguintes compañías: Os Sete Magníficos máis Un (compañía de clown), Dous son Compañía (compañía de clown), Teatro do Astracán (compañía de teatro cómico), Manicómicos (compañía de clown e teatro de rúa), Produccións Desaqueouloutras (compañía de teatro infantil e xuvenil) e DINAMO Teatro (teatro de texto).

No eido audiovisual destaca a súa participación nos seguintes proxectos: Para Mariñeiros Nós (serie epidódica): actor de reparto, Radio-Taxi (serie de humor): actor de reparto, Buscando Estrelas (concurso humor): concursante (2º clasificado), Luar, Incomunicados (curta): actor principal, Koruño, Legado de Hércules (falso documental): actor de reparto, Pinzitas (curta): actor principal. Tamén fai radio: Sección "Os Cocos (Cómicos Coruñeses)" no programa Hoy por Hoy A Coruña, de RadioCoruña, Cadena Ser.

PEDRO BRANDARIZ calidade.



OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

Os Sete Magníficos máis Un somos unha compañía galega de pallasos e pallasas creada en 2001, a partir dunha serie de cursos de iniciación e perfeccionamento de clown impartidos pola compañía Good Idea Company e promovidos e organizados polo Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown), dirixido por Iván Prado.

Integrada daquela por novos actores e actrices galegos e galegas procedentes de diversos medios: teatro afeccionado e universitario, televisión, cabaré..., a formación foi mudando e, na actualidade, a compañía está composta por catro dos membros orixinais: Iván Prado (director artístico), Pedro Brandariz, Isabel Risco e Fran Rei. Ao longo desta década de traxectoria fómomos formando na arte do clown e o bufón baixo a imprescindible tutela do Festiclown en cursos e obradoiros con algúns dos mestres máis prestixiosos a nivel internacional, entre os que cabe destacar a Leo Bassi, Eric de Bont, Jango Edwards ou Carlo Colombaioni, entre outros.

Esta banda de piratas de nariz vermello somos unha compañía estable dentro do panorama teatral galego e nestes once anos de traxectoria temos posto en escena un total de once espectáculos, desde a nosa primeira produción, Cousas de Mulleres (2001), ata á máis recente A Historia de Brancaflor (2012). E polo camiño títulos como As Cincentas Descloowntroladas (2001), Manicomio só para Clowns (2002), A Cadeira Voadora (2006), O Gordo e o Calvo Van ao Médico (2007) ou Dous Pallasos en Apuros (2007)..., mantendo sempre o humor e a comicidade como sinal de identidade.

Nos últimos anos, Os Sete magníficos máis Un están a consolidarse no mercado teatral galego cunha media de 75 actuacións por temporada, tanto en interior como en rúa. Asemade, desde o ano 2012, Fran Rei e Pedro Brandariz están a traballar regularmente en televisión, sendo unha das parellas cómicas habituais do programa Luar da TVG.

Paralelamente á nosa carreira profesional, Os Sete Magníficos máis Un contamos cun extenso currículo no eido social, político e solidario. Así, participamos, entre outras, na Caravana de Pallasos pola Paz en Palestina, en agosto 2002, organizada pola ONG Payasos Sin Fronteras e financiada polo Festiclown. Somos fundadores da organización de cooperación internacional Pallasos en Rebeldía, coa que temos organizado diversas caravanas de pallasos e festivais en territorios en conflito, como Palestina, Chiapas e Sáhara.





+info: www.culturactiva.org  
981 582 836 info@culturactiva.org